

**CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONSELLO GALEGO DOS PROCURADORES PARA COMPENSAR OS/AS PROFESIONAIS DA PROCURADORÍA DESIGNADOS/AS EN VIRTUDE DE REQUIRIMENTO XUDICIAL CANDO NON EXISTA UN RECOÑECEMENTO EXPRESO DO DEREITO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA**

**REUNIDOS:**

Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E Fernando González-Concheiro Álvarez, presidente do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 2 dos estatutos do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, aprobados polo Decreto 248/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba a creación do Consello Galego de Procuradores.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.** O artigo 24 da nosa Constitución garántelles o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais a todas as persoas no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.

**Segundo.** O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de xustiza, exceptuada a militar, corresponde á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que a Lei orgánica do poder xudicial lle recoñeza ou atribúa ao Goberno do Estado, que non entren no núcleo da Administración de xustiza en sentido estrito. No eido de



aplicación da dita cláusula subrogatoria do Estatuto de autonomía atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza. Este traspaso levouno a cabo o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro; e logo foi ampliado polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, para comprender tamén os medios materiais e económicos das fiscalías de Galicia. Entre as funcións traspasadas polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, e asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, inclúense, entre outras, o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados e colexiadas no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

**Terceiro.** O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais é unha corporación de dereito público integrada polos colexios de procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo (Decreto 248/2000, do 29 de setembro, polo que se crea o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais e se aproban os seus estatutos), e ten as mesmas competencias ca o Consello Xeral de Procuradores de España no ámbito territorial de Galicia. O Consello ten, entre outras funcións, a de fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación coa profesión de procurador, e a de colaborar cos poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das institucións dentro do seu propio territorio.

**Cuarto.** As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**Quinto.** A quenda de oficio é un servizo cuxa finalidade é garantir o dereito constitucional fundamental á tutela xudicial efectiva, e a asistencia xurídica e a representación gratuítas son unha parte importante da mesma, mais non a totalidade. Por isto, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é consciente da necesidade de dar cobertura económica aos dereitos deixados de percibir por aqueles e aquelas profesionais designados/as de oficio que prestaran o servizo de



representación en virtude de requirimento xudicial, de acordo co artigo 21 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, por unha banda, cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta ao ser denegado o beneficio por mor de faltar a sinatura da persoa interesada na correspondente solicitude que autorice o acceso á información económica por parte da Administración ou por insuficiencia na documentación requirida e, non obstante, consten evidencias obxectivas da insuficiencia de recursos da persoa asistida; e, por outra banda, para compensar o servizo de representación procesual prestado a través da quenda de oficio a persoas xurídicas que carezan de patrimonio suficiente, cando resulten investigadas no curso dun procedemento penal.

**Sexto.** Con base no exposto anteriormente, e coa finalidade de garantir o dereito de acceso á Xustiza e á representación procesual e mais a satisfacción dos dereitos económicos dos e das profesionais que a prestan a través da quenda de oficio, resulta conveniente articular mediante un convenio a necesaria asistencia e o apoio económico, con cargo ao orzamento de gastos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para lograr a maior eficacia posible na asignación de recursos económicos asociados a esa finalidade.

En consecuencia con todo o anteriormente exposto, as partes coidan conveniente desenvolver unha colaboración en común, para o cal acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

### CLÁUSULAS:

#### **Primeira. *Obxecto do convenio***

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello Galego dos Procuradores para dar cobertura económica a aquelas actuacións dos e das profesionais realizadas en procedementos penais nos que se produce a designación de procurador/a en virtude de requirimento xudicial, de acordo co artigo 21 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, para a representación de persoas físicas ou xurídicas, nos cales non se produza a concesión da xustiza gratuíta no prazo dun ano desde a designación, ben por non se tramitar, ben porque a persoa beneficiaria da mesma non achegou a documentación requirida.



Para estes efectos, o Consello Galego dos Procuradores acreditará a designación xudicial, a intervención do/da procurador/a designado/a no procedemento e mais a insuficiencia de medios da persoa beneficiaria que lle permitiría o acceso ao dereito segundo a Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta. Esta última circunstancia xustificárase mediante certificación do correspondente colexio de procuradores de que non constan nos autos ingresos ou bens das persoas beneficiarias.

Mediante o presente convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes prestaralle ao Consello Galego dos Procuradores os medios adecuados para que se poidan desenvolver, nas situacións referidas nos parágrafos anteriores, as actuacións profesionais dos/das procuradores/as co rigor e garantía que exige a Constitución española.

### **Segunda. *Compensación económica para os procuradores***

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará economicamente os/as profesionais da procuradoría designados/as de oficio que presten a representación procesual nos supostos previstos na cláusula anterior segundo as contías seguintes:

A.- Persoas físicas no proceso penal: segundo as contías establecidas nos baremos de compensación económica previstos para as actuacións dos/das procuradores/as no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

B.- Representación de persoas xurídicas investigadas no curso dun procedemento penal: 26,17 €.

### **Terceira. *Orzamento***

O financiamento máximo para as actuacións descritas no convenio é de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €). A mencionada cantidade imputarase aos orzamentos de gastos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para 2022 na aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.2.

Poderanse realizar pagamentos parciais trimestrais á conta da liquidación definitiva, na medida en que o Consello xustifique debidamente as actuacións realizadas, ata acadar como máximo o 80% do importe do convenio. O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa.



Para estes efectos, xunto coa documentación que o Consello Galego dos Procuradores achegue para as xustificacións trimestrais ou final da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se certifiquen todas as designacións realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento, o nome do/da procurador/a, o colexio a que pertence e mais o número de colexiado/a, así como a actuación desenvolvida e a contía correspondente.

#### **Cuarta. Obrigas do Consello Galego dos Procuradores**

O Consello Galego dos Procuradores comprométese a:

1. Achegarlles aos/ás procuradores/as designados/as mediante resolución xudicial, tal e como se recolle na cláusula primeira, as compensacións económicas transferidas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para garantir o acceso á Xustiza e á representación procesual.
2. Remitir á Dirección Xeral de Xustiza, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos/polos profesionais durante ese período que se atopen nas situacións previstas no obxecto do presente convenio.
3. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
4. Prestar colaboración á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e mais ao Consello de Contas, e facilitarlles tanta documentación lle requiran no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles corresponden.

O prazo límite para presentar a devandita documentación fíxase no 15 de decembro de 2022.

#### **Quinta. Control**

O Consello Galego dos Procuradores someterase ás actuacións de comprobación que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control



financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa achega económica realizada.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación.

Se o/a profesional que prestou o servizo obxecto deste convenio cobrou os seus dereitos con posterioridade á compensación económica librada pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, procederá a lle reintegrar as cantidades percibidas ao Consello Galego dos Procuradores. O importe destes reintegros percibidos polo Consello serán obxecto de compensación na xustificación, parcial ou final, seguinte.

#### ***Sexta. Confidencialidade da información e dos resultados***

O Consello Galego dos Procuradores comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares a que teña acceso como consecuencia das actividades realizadas.

Igualmente, comprométese a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado ás propias persoas interesadas en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes quedarán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE



(Regulamento xeral de protección de datos), así como coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

### **Sétima. Comisión de Seguimento do convenio**

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a Comisión de Seguimento do convenio, á cal corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha deste.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- Dúas persoas representantes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Dúas persoas representantes do Consello Galego dos Procuradores.

Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta da Dirección Xeral de Xustiza.

A Comisión reunirase logo do pedimento de calquera das partes.

### **Oitava. Vixencia do convenio**

O período de vixencia do presente convenio estenderase dende o momento da súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos; non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen dende o 1 de xaneiro de 2022. En ningún caso excederá o 30 de decembro de 2022.

### **Novena. Natureza xurídica e cuestións litixiosas**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.



A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Décima. *Resolución do convenio***

Será causa de resolución do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das obrigas contraídas e/ou cláusulas establecidas nel, así como o incumprimento da normativa vixente na materia, o que facultará a outra parte para a súa resolución.

Neste caso quedarán automaticamente anulados todos os dereitos derivados, pero non así as obrigas inherentes.

**Décimo primeira. *Obriga de cumprimento dos compromisos***

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data da súa finalización.

En proba de conformidade con canto antecede, e para a debida constancia, asinan o presente convenio de colaboración, por duplicado exemplar, na data consignada na sinatura electrónica.

Diego Calvo Pouso

Fernando González-Concheiro Álvarez

Vicepresidente segundo e conselleiro de  
Presidencia, Xustiza e Deportes

Presidente do Consello Galego dos  
Procuradores

